



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DE SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XULLO DE 2015.**

**Lugar** : Casa do Concello  
**Data** : 2 de xullo de 2015  
**Hora de comezo** : 13.35 horas  
**Hora de remate** : 13.50 horas

### **ASISTENTES:**

**Don Ovidio Rodeiro Tato**  
**Don Manuel Fernández Munín**  
**Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro**  
**Don Jesús Sanjuás Mera**

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello, baixo a presidencia do alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reúnen-se os señores concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de celebrar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA:**

- 1. Constitución da Xunta de Goberno Local**
- 2. Periodicidade das sesións**

### **ASUNTOS :**

#### **1. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O obxecto da sesión é proceder á constitución da Xunta de Goberno Local conforme ó disposto no artigo 112.1 do ROF.

Iniciada a sesión pola presidencia e comprobada , pola secretaria-interventora, a existencia de quórum de asistencia necesaria para que poida quedar validamente constituída, o presidente dispón que pola secretaria-interventora sexan lidos os preceptos legais de aplicación.

Procédese á lectura dos artigos 20.1b) e 23 da LBRL e 52 53 112 e 113 do ROF.

Concluída a lectura dos preceptos legais citados , así como do decreto da alcaldía de designación de membros desta xunta , de data 29 de xullo do 2015, o presidente declara constituída a Xunta de Goberno Local.

Queda formalmente integrada polo propio alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, que a preside e os concelleiros/as: don Manuel Fernández Munín, dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro e don Jesús Sanjuás Mera .

## **2. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS**

Dáse conta da proposición da alcaldía referente á periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local e por unanimidade acórdase que teñan lugar as sesións ordinarias o primeiro xoves de cada quincena, polo que se celebrarán dúas sesións cada mes.

A hora na que terán lugar ditas sesións será ás 14.15 h. No caso de coincidir en festivo terán lugar o día seguinte hábil.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde